

Estimada familia,

No día de hoxe foron publicadas no BOP as bases do **PROGRAMA MUNICIPAL DE BOLSAS USA 2024/25**, que teñen por obxecto posibilitar a estadía nos EEUU para cursar o equivalente a 1º de Bacharelato, ao alumnado que cumpra as seguintes condicións:

- Estar en posesión do documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro (NIE).
- **Residir e estar empadroadado co seu pai, ou nai, ou representante legal, no momento da solicitude, no Concello da Coruña.**
- **Estar matriculado e cursando 4º de ESO**, nun centro escolar do Concello da Coruña, no presente curso 2023-2024.
- **Contar no curso de 3º da ESO, cunha cualificación media de 6 puntos ou máis**, e non ter ningunha materia suspensa.
- **Contar no curso de 3º da ESO, cunha cualificación de 7 puntos ou máis** na materia de lingua estranxeira (inglés).

O prazo de solicitude das bolsas permanecerá aberto dende o día **23 de outubro ata o 6 de novembro, ambos incluídos**.

Nesta edición introdúcense importantes novidades co obxectivo de poder abrir esta fantástica posibilidade a máis nenas e nenos, entre as que destacan:

- A suba dos cartos de peto mensuais.
- A posibilidade de obter unha cantidade adicional de 400 euros en concepto de gastos de preparación da viaxe.
- Reducción das achegas das familias.

Para poder informar polo miúdo das condicións das devanditas bolsas, realizaranse as seguintes charlas informativas para as familias:

CENTRO CÍVICO	DATA	HORARIO
CCM ROSALES	23 de outubro	16.00 a 18.00h
CCM NOVO MESOIRO	23 de outubro	18.30 a 20.30h
CCM MALLOS	24 de outubro	18.00 a 20.00h
CCM MONELOS	25 de outubro	18.00 a 20.00h
CCM MONTE ALTO	26 de outubro	18:00 a 20:00h
CCM SAN DIEGO	27 de outubro	18.00 a 20.00h

Co desexo de que participedes o maior número posible de rapaces e rapazas, para calquera dúbida podedes chamar ao 010, ao Servizo Municipal de Educación ou á Rede Municipal de Información Xuvenil (981184200).

Yoya Neira Fernández, concelleira coordinadora da área de Benestar Social e Educación.

Juan Ignacio Borrego Vázquez, concelleiro delegado de Educación.